



materiais para a **COEDUCACIÓN**

**Claves para a elaboración
dun PLAN DE COEDUCACIÓN
nun centro de ensino**

Índice

MÓDULO 1:

O camiño cara a unha escola coeducativa	5
---	---

MÓDULO 2:

Somos un centro coeducativo?	21
------------------------------------	----

MÓDULO 3:

Plan coeducativo	31
------------------------	----

PRESENTACIÓN

*Desde a CIG-Ensino e a AS-PG facemos unha aposta decidida pola **Coeducación** como fórmula para superar desigualdes por razón de xénero ou por calquera outra razón que poida ser causa de discriminación. Queremos unha escola inclusiva, non en van, levamos xa 16 anos organizando as denominadas Xornadas das Mulleres dirixidas ao profesorado e vimos de editar o libro Coeducación. O alicerce do ensino, alén de ofertar anualmente cursos a distancia sobre esta temática.*

Recentemente promovemos unha campaña de estudo do traballo da Coeducación nos centros na que recollemos información, entre outros aspectos, sobre a existencia de Plan de Coeducación nos mesmos. Comprobamos, desta maneira, que nunha porcentaxe moi elevada non se conta con el. A constatación deste feito animounos a decidir aproveitar o material que vos ofrecemos e que foi contido dun curso a distancia orientado a dar pautas para elaborar un Plan de Coeducación nos centros de ensino do que é autora a docente Carme Moure Espiño. Agardamos que sirva de base para animar ao profesorado a traballar neste ámbito dunha maneira organizada e produtiva.

Módulo 1.

O CAMIÑO CARA A UNHA ESCOLA COEDUCATIVA

TIPOS DE ESCOLAS

ESCOLA SEGREGADA

- ▶ As alumnas e alumnos non comparten o mesmo espazo educativo.
- ▶ Os plans de estudo amosan unha visión androcéntrica do mundo.

ESCOLA MIXTA


- ▶ Alumnas e alumnos comparten os mesmos espazos educativos e os mesmos plans de estudos androcéntricos.

ESCOLA COEDUCATIVA

- ▶ Alumnas e alumnos comparten os mesmos espazos educativos e uns currículos deseñados desde unha perspectiva de xénero.

A EDUCACIÓN ANTES DA II REPÚBLICA

- Nos séculos XVII e XIX, a lexislación dicía que a educación de homes e mulleres debía ser separada, tendo en conta os seus papeis na sociedade.
- **Informe Quintana** (1813): incidía na importancia da educación para todas as persoas, pero non era obrigatoria para as mulleres. Os plans de estudo centrábanse nas esferas domésticas e privadas.



Claudio Moyano


- ▶ **Lei Moyano (1857):** establecía a educación obrigatoria para as mulleres, orientándose a súa formación en desenvolver destrezas para ser unha boa esposa e nai.
- ▶ Non existían **Institutos Nacionais de Ensinanza Media** (só masculinos), o que foi un obstáculo para o acceso das mulleres aos estudos superiores. Isto foise resolvendo cos exames libres e preparacións extraacadémicas, e limitado pois ás mozas de familia con recursos e dispostas a investir na educación das súas fillas, o que non era moi habitual na época.

- ▶ Na segunda metade do século XIX, empezaron a aparecer escolas que serían o equivalente da Formación Profesional. Entrarían aquí as Escolas Normais de Mestras, de comercio, de correos e telégrafos, de enfermeiras, de mecanógrafas e taquígrafas.

Institución libre de ensinanza

- ▶ Introduciu a idea e práctica da coeducación, mesturando nenos e nenas, pero conservando ensinanzas diferentes.
- ▶ Recóllese no libro *Feminismos* de Olga Castro e María Reimóndez, que Emilia Pardo Bazán argumenta nun dos seus artigos de *A muller española* (1890) que as mulleres deben ter acceso á educación superior para o desenvolvemento da súa propia razón e do seu propio entendemento como seres humanos. Asegura que "aínda que todas as mulleres conciben ideas, non todas conciben fillos" cuestionando a maternidade obrigatoria, idea dominante no discurso da época.





A EDUCACIÓN NA II REPÚBLICA

- ▶ A **Constitución española de 1931** supuxo un punto de inflexión na igualdade en educación, pero foi un período tan convulso e efémero que non permitiu consolidar de forma universal a educación das nenas como cidadás de pleno dereito.
- ▶ Déronse cambios cara a un modelo que incluíse no mesmo espazo a nenas e nenos, aínda que no 1936, só o 30% dos centros levaran adiante esta inclusión.





Ilustración de Mathew Quick.

DITADURA E DEMOCRACIA

- ▶ Volta á escola segregada durante a ditadura franquista.
- ▶ **Lei Xeral de Educación de 1970:** educación conxunta, mesmo currículo e obrigatoria ata os catorce anos.
- ▶ **Constitución española (1978).**

Artigo 9.2 “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.


Artigo 14 “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Democracia

- ▶ No período democrático, as distintas leis educativas recollen, en maior ou menor medida, a non discriminación por razón de sexo, pero as desigualdades persisten:
- **Curriculo explícito,** aquel que recolle o conxunto de elementos incluídos no proceso de ensinanza e aprendizaxe (obxectivos, contidos, competencias, metodoloxía..). Os contidos das diferentes materias é o que se recolle nos libros de texto e unha análise breve dos mesmos revela unha invisibilización da muller nos diferentes ámbitos sociais e uns espa-



zos dominados pola protagonismo do home. É dicir, unha parte do currículo está omitido.

- **Curriculo oculto**, aquel que ten que ver coa organización do centro e o que nel se transmite a partir das actitudes amosadas, os valores transmitidos, as normas aplicadas, as xerarquías establecidas ou a distribución dos espazos, como por exemplo o patio do recreo, o cal segue a ser un lugar onde se desenvolven deportes, como o fútbol, tradicionalmente considerados como masculinas.



Democracia. Obxectivos da coeducación

- ▶ Integrar no currículo a educación en emocións, como parte fundamental no desenvolvemento socioemocional do alumnado. Promocionar así a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a ética do coidado, a non violencia...
- ▶ Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na asertividade e na promoción de relacións non violentas entre iguais.
- ▶ Visibilización no currículo das mulleres en todas as áreas do coñecemento.
- ▶ Organización do centro de xeito igualitario.
- ▶ Uso dunha linguaxe inclusiva na comunicación (LIC)
- ▶ Acceso das mulleres aos espazos públicos
- ▶ O profesorado como modelo coeducador, tanto por formación como por actitude.
- ▶ Promover a diversidade e a xustiza desde o respecto a aquilo que é diferente.





Álbum de mulleres mestras.

ENLACES AO ALBUM DE MULLERES

María Vázquez Suárez

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=1029>

M^a Dolores del Río

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=993&autor=M.%AA%20Dolores%20del%20R%EDo>

María Tobío

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=502&autor=Mar%EDa%20%20Tob%EDo>

Daríá González García

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=348&autor=Dar%EDa%20Gonz%E1lez%20Garc%EDa>

Nieves Fariza Alonso

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=341&autor=Nieves%20Fariza%20Alonso>

Concepción Ramón Amat

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=267&autor=Concepci%F3n%20Ram%F3n%20Amat>

Rosa Pons i Fábregas

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=261&autor=Rosa%20Pons%20i%20F%EBregas>

Ernestina Elena Otero Sestelo

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=233&autor=Ernestina%20Elena%20Otero%20Sestelo>

Concepción Sáiz Otero

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=183&autor=Concepci%F3n%20S%EBiz%20Otero>

María Barbeito

<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=81&autor=Mar%EDa%20Barbeito>

Extracto da novela *Todo canto fomos*, de Xosé Monteagudo

11

Quizais poida existir unha ledicia diferente da serenidade cotiá, pero au aínda non a coñezo. E non coñecela significa tamén en certo modo non concibila, e incluso rexeitala de antemán. O pensamento resúltame estraño se o comparo con todo o que cavilaba ata o de agora. Abóndame ler algunhas das anotacións que fixen no diario hai dous ou tres anos para comprobalo. O que máis me atraía entón era a posibilidade de coñecer persoas e lugares diferentes. Hoxe, en cambio, estou conforme coa vida en Cantelle, coa posibilidade de pintar a paisaxe, de ler á sombra dun carballo en primavera, tombada na camposa. Estou feliz de transmitir os meus poucos coñecementos ás rapazas e ás mulleres deste lugar. Será que me estou ensumindo na súa mesma mentalidade?

O apuntamento fíxoo Carlota o 14 de marzo de 1930. Aquel era o segundo curso que pasaba en Cantelle. Co comezo da primavera a escola de mulleres tivera que dar por rematadas as súas actividades. Ao longo do mes de marzo sucedéranse as desercións por mor dos traballos agrícolas, e a finais dese mes quedábanlle só tres alumnas: Filomena, Eulalia e Rita. Carlota notaba que as tres asistían por un afecto profundo que lle tiñan, alén da pura aprendizaxe, e

Xosé Monteagudo

propúxolles que se seguisen vendo ao final das tardes. Rita aceptou igual ca as outras dúas, pero tras o primeiro encontro, que consistiu nunha camiñada pola beira do río e que ela levou nun silencio incómodo, non volveu aparecer.

Filomena e Eulalia, en cambio, convertéronse nas persoas de máis confianza coas que contou en Cantelle a partir de entón. Con Filomena o trato adquiriu a franqueza dun familiar. Por ela soubo que nos primeiros tempos a veciñanza a consideraba unha señorita, totalmente allea a eles debido ás súas afeccións. Camiñar sen obxecto polos carreiros do monte ou pola beira do río, poñerse a pintar en calquera lugar ou ler á sombra dun carballo, eran os sinais que máis asombro lles causaban aos veciños.

—Cando cambiaron de opinión respecto a min?

—Cando empezaches a poñerlles clase ás mulleres.

Carlota ficou pensativa.

—De todos modos, eu en quen confío de verdade é en ti e mais en Eulalia. Vós as dúas sodes a miña luz aquí.

—Nós somos un pouco coma o ferro —díxolle Filomena—, despois de que a vida nos mallase cando estabamos ardendo, collemos unha forma e agora que arrefriamos ninguén nos vai dar outra.

Tamén Carlota fora consciente desde os seus primeiros tempos en Cantelle de estar nun hábitat alleo, que a disecaba polo miúdo. Pero fronte a el acordara adoptar unha actitude decidida e ambivalente. Por unha banda propuxérase levar a cabo o seu labor sen máis limitacións ca as ditadas polas súas reservas de enerxía. Pola outra, participaba na vida da comunidade, mantendo unha relación fluída e amigable con toda a veciñanza. Cunha veciña chamada Eudisia quixo aprender a muxir as vacas, e con outra chamaba Elvira aprendeu a facer queixo. Houbo varias ás cales lles pediu a

Todo canto fomos

receita dunha comida ou doutra, e en máis dunha ocasión, cando pasaba preto de veciños que estaban ocupados nos labores agrícolas, detíñase a falar con eles e observaba e preguntáballes polos detalles das tarefas.

Sabía que iso contribuía a que lle gañasen unha maior estima. Pero comprendía tamén que a confianza que collían con ela nunca traspasaba unha determinada barreira que se lle facía visible nos intres máis insospeitados. O respecto sempre un pouco distante co que lle dirixían a palabra ou os cambios de conversa que por veces percibía cando se aproximaba a un grupo de veciños, facíanlle tomar conciencia da súa posición.

Eulalia e Filomena representaban a única axuda coa que podía contar. Quizais fose o feito de nacer alí, ou se cadra a amplitude da visión que lles daba que traspasaran a fronteira do desengano máis profundo, mais o caso era que lle fixeron ver os riscos antes de que o primeiro deles se convertese nun perigo real.

—Terás problemas se segues ensinándolles ás rapazas tantas cousas —comentáronlle.

—Pero eu só trato de lles transmitir coñecementos que veñen nos libros —defendeuse Carlota.

Filomena e Eulalia explicáronlle que na parroquia, entre os pais das rapazas, estábanse axitando malas opinións en contra dela.

—Que opinións?

Que era demasiado avanzada nas ideas, que explicaba demasiado polo miúdo determinadas nocións que debían permanecer escuras e que estaba fomentando certa rebeldía nas rapazas, dixéronlle.

Recapitulemos, escribiu Carlota no seu diario dese día. Quérenme dicir que lles explique falsidades ás rapazas para

Xosé Monteagudo

non xerar problemas nas familias. Iso é o que queren as familias aquí.

Cando llo consultou a Leandro, este díxolle que dona Milagros, a mestra que a precedera, seguía estritamente o programa de estudos. As rapazas aprendían sobre todo a comportarse ben, a coser e a facer os labores domésticos, a ler e escribir e a sumar e restar.

—E ti estás de acordo con iso? —preguntoulle Carlota.

—Pouco importa se estou ou non de acordo. Eu apréndolles algunhas cousas máis aos rapaces; pero son rapaces, claro. Non importa que eles saiban algo máis. As familias incluso aprecian que os rapaces saiban máis ca as rapazas.

—Pero o programa non marca un nivel de coñecementos diferente segundo o sexo nas materias comúns. Bastante é que teñan algunhas materias diferentes para que tamén os diferenciemos nas comúns.

Daquela Carlota contoulle a historia dunha protesta que fixera xunto con outras compañeiras mentres estudaba o Maxisterio en Pontevedra. No plan de estudos aprobado en 1914 o alumnado feminino tiña a materia de Costura no primeiro curso, Bordado e Corte en segundo, Corte e Labores en terceiro e Economía Doméstica en cuarto, mentres que o alumnado masculino só tiña Agricultura en cuarto como materia diferenciada por razón do sexo. Estela, Regina e mais ela convocaron unha asemblea entre as súas compañeiras para explicarlles o inxusto e antipedagóxico que resultaba que a elas as obrigasen a aprender aquilo polo feito de ser mulleres, cando moitas xa adquiriran esas destrezas por si mesmas na familia, mentres que aos homes, que non sabían coller unha agulla entre os dedos, tamén naquela carreira os preservaban de acadar niso a práctica máis elemental. Conseguiron que case todas as alumnas no Maxisterio ponteve-

Todo canto fomos

drés asinasen un escrito expoñendo a queixa e mandáranos ao Ministerio de Educación.

—Cal foi o resultado? —preguntoulle Leandro.

—Ningún —respondeu Carlota—. Supoño que algún político no Ministerio o lería e o metería nun caixón.

—Ves? Non ten sentido loitar contra o inevitable.

—Pero se nós non facemos algo, quen o vai facer?

—A min non me tes que convencer —replicou Leandro—. Cos rapaces non teño ese problema. Pero que eles aprendan máis ca elas parécelles normal a case todas as familias de aquí. Considéranos tan natural como a destreza que os homes teñen fronte das mulleres para compoñer trebellos, arranxar ferramentas ou traballar a madeira. E a ti ninguén che vai vir queixarse porque á filla non lle aprendas a multiplicar e a dividir, ou porque non lle expliques a orixe da vida ou dos planetas.

Carlota non insistiu en pedir comprensión.

Os indicios do que Filomena e mais Eulalia a informaran anunciáranse tamén a ela en certas miudezas cotiás. Un día unha rapaza chamada Herminia comentou na clase que o mundo existira desde que Deus o creara, e que eses animais primitivos, como se chamaban?, dinosauros, iso, eses dinosauros eran só as mentiras que contaban algúns libros. Outra volta, unha alumna chamada Alicia dixo que as mulleres eran menos intelixentes ca os homes, tal como afirmaba o seu pai. Noutra ocasión, Dorotea, unha das alumnas máis aplicadas, contoulle ao final da clase que a véspera discutira coa nai porque ela dixerá que as mulleres eran tan capaces coma os homes de tomar decisións atinadas na vida, e a nai castigáraa por non se retractar diso.

Pasou unha semana sen que tivese ocasión de rexistrar no diario novos episodios dese tipo, ata que un día, ao rema-

Xosé Monteagudo

te das clases, viu a don Arcadio, o cura, que se achegaba a falar con ela.

—Non hai coma ser novo para ter alegría —díxolle don Arcadio, na porta da escola, mentres contemplaban a saída das alumnas.

—Máis ca alegría, neste caso é a necesidade de saír da clase e botarse a correr para estirar as pernas.

Don Arcadio contemplou as rapazas que se afastaban con toda rapidez polo camiño adiante.

—Leva vostede moito traballo con esas rapazas —díxolle, de súpeto.

—É o meu deber —contestou Carlota.

—Precisamente diso quería falarlle. Porque hai algunhas cousas das que vostede lle ensina a esas rapazas que non están ben, para dicirllas con franqueza.

—Ah, non?

—Si. Non se sorprenda vostede. E que conste que eu non me pecho a ningunha clase de aprendizaxe nin a que os rapaces poidan ser máis espelidos ca os seus pais. Eu tamén fun mozo e sei o que é iso.

Carlota observou a súa face ancha de ollos caídos e pel de pergameo e non conseguiu imaxinarlle ningunha idade diferente á que tiña nese momento.

—A verdade é que non sei moi ben do que me está a falar.

—Intento dicirlle que unha cousa é transmitir coñecementos e outra moi distinta perturbar a convivencia da comunidade ou romper a paz nas familias —dixo don Arcadio.

—Sigo sen entendelo.

—Verá...

Carlota sentiu un refoleo de noxo ante o ton paternal que aquela palabra cobrou nos beizos do seu interlocutor.

Todo canto fomos

—As familias —continuou don Arcadio— teñen problemas cando a semente do mal entra nas súas casas e pon en cuestión as súas crenzas de toda a vida. Ese é o verdadeiro problema, as desavinzas que provoca a rebeldía nunha comunidade de convivencia pacífica, que vive conforme coa lei de Deus.

—Eu só me dedico a ensinalles coñecementos ás rapazas ou ás nais que se apuntaron ás clases.

—Vostede, permítame que llo diga sen eufemismos, dedícase a fomentar a discordia na nosa comunidade. E sabe por que? Porque está difundindo falsas teorías que socavan os alicerces da fe e da paz social.

Carlota percibiu que o diálogo se estaba virando máis acedo.

—Se me demostra que algo do que expliquei é falso, estou disposta a rectificalo e explicar o contrario sen máis tardar.

—Vostede cre nesa andrómena de que o home procede do mono?

—Nese asunto eu explícolles un tema científico. As miñas alumnas tamén teñen dereito a coñecelo.

Don Arcadio dedicoulle un sorriso de escepticismo.

—Moi ben, señorita. Vexo que a vostede tráea sen coidado o que di a Biblia sobre Adán e Eva, Caín e Abel e o misterio da Creación. Só lle digo que ande con coidado, porque eses son asuntos moi serios —e repetiu—: Moi serios.

—E eu, se me permite tamén, diríalle a vostede que non debería confundir a ciencia coa relixión.

Carlota viuno marchar tranquilamente, co seu andar pousón e a cabeza lixeiramente inclinada cara adiante, e pensou que a imaxe pechaba definitivamente a discusión.

Filomena foi quen lle trouxo a nova. Polo que lle contou, había tres veciños que andaban polas casas da parroquia solicitando a todos os demais que asinasen nun escrito de queixa contra ela que tiñan previsto presentar ante a dirección do Ministerio de Educación en Pontevedra. Non, Filomena non vira o escrito, aínda que sabía máis ou menos o que poñía, contoulle. Que as explicacións impartidas pola nova mestra, Carlota Carreira, eran contrarias á fe e ás crenzas profesadas por todas as familias da parroquia. Que as nenas, baixo a súa influencia e os seus consellos, estaban volvéndose rebeldes. Que non estaban aprendendo nada de proveito para a vida que lles correspondía e que se o Ministerio non tomaba cartas no asunto, eles, os pais e as nais asinantes do escrito, non volverían enviar as súas fillas á escola.

Tan pronto como Filomena a informou sobre a existencia do escrito, a Carlota veulle á lembranza a conversa que uns días antes tivera con don Arcadio. Durante os días seguintes non puido deixar de matinar na razón que impulsara os tres homes que levaban o escrito de porta en porta. De dous só coñecía os nomes e mais unhas cantas referencias que Filomena e Eulalia lle proporcionaran. Labradores, sen fillas en idade escolar, a única relación entre eles, coas súas

Todo canto fomos

casas separadas por máis de tres quilómetros, era a amizade que compartían co propietario dun comercio de teas de Vilariño, que era ben coñecido na bisbarra polas súas ideas conservadoras. Ao outro veciño que ao parecer os acompañaba co escrito de queixa, Carlota coñecía por ser o pai de Olga, unha das súas alumnas máis espelidas. Falara con el en dúas ou tres ocasións e gabara sempre a intelixencia da filla. Pero lonxe do orgullo que Carlota agardaba nel polas loanzas cara á rapaza, o home sempre lle mencionara a obediencia, o respecto e a disciplina. A súa voz transmitíralle a Carlota o convencemento anquilosado de quen nunca contrastou as súas opinións coas contrarias.

Por Eulalia e por Filomena soubo nos primeiros intres que a maioría dos veciños de Cantelle, cando recibían pola noite a visita dos tres homes, apenas precisaban uns minutos para asinar. Moitos deixaban que algún dos outros escribise o seu nome e lles fixese estampar debaixo a pegada dactilar tras lles calcar o matapiollos nun pequeno rectángulo de tea impregnado en tinta.

Cando lle dixeron os nomes das primeiras persoas que deixaran a súa pegada naquel papel, Carlota comprobou que se trataba dalgunhas nais e pais das súas alumnas. Incluso había algunha muller que asistira ás súas clases para adultos. Entón pediulles ás súas amigas que non lle contasen nada máis daquela historia. Non quería coñecer ningún outro dato.

A partir daquel momento dedicouse a impartir as clases sen máis preocupación. O seu lecer concentrouno nas afeccións máis privadas e que menos contacto lle esixían coa veciñanza. Durante esas semanas de marzo e abril de repente a lectura recobrou para ela o seu vello engado. No silencio do comedor, sentada á mesa ou tombada na cama cun volu-

Xosé Monteagudo

me nas mans, a abstracción que acadaba facía descansar a súa mente máis ca ningunha outra cousa.

De entre a pequena biblioteca persoal que ao longo dos meses anteriores reunira na vivenda da escola, eses días gustaba de ler sobre todo historias dramáticas e relatos de vidas azarosas e cheas de dificultades. Reais ou ficticias, o único que lle interesaba era descubrir como se enfrontaba a elas o protagonista de cada novela ou biografía. Polas tardes, despois das clases, cando Filomena se despedía ata o día seguinte, perdía a noción do tempo mentres avanzaba na maldade ou na desgraza que asolaban os personaxes.

Nada consola tanto como a desgraza allea. Sempre pensei que ese era un pensamento perverso, intrinsecamente malévolo, escribiu no seu diario deses días. E engadiu: sigo a pensar o mesmo. Pero hoxe debo darlle a volta e dicir que hai poucas cousas que me dean máis enerxía interior que ler sobre os dramas e como os superaron quen os sufriron. Quizais sexa ilusorio e un pouco inxenuo pola miña parte, pero estes relatos danme forza. Coa súa lectura estes días adquiero a conciencia de que cada atranco que supero será só un recordo no futuro. Talvez o feito de escribilo neste diario represente xa unha forma de poñer a distancia necesaria para salvar as dificultades.

Sentirse intimidada pola maquinación que supoñía o escrito era unha forma de derrota que non estaba disposta a asumir. E, non obstante, tiña que recoñecer que ese escrito estaba a conseguir subrepticamente un resultado máis doloroso: a incomodidade de varios veciños na súa presenza. Nalgunhas das persoas coas que trataba neses días, onde ata entón observara simpatía e comprensión, desexos de axudala e de a integrar na vida da aldea, de súpeto parecíalle percibir unha leve incomodidade, coma se o feito de falaren

Todo canto fomos

amigablemente con ela fose para eles unha forma pública de tomar partido ao seu favor.

A principios de maio presentouse na escola o inspector de ensino. Ao contrario doutras visitas, desta volta chegou sen aviso previo. Solicitoulle a Carlota que saíse ao corredor e alí sentou nun banco a falar con ela. Sen mostrar ningún dos acenos de familiaridade doutras ocasións, pediulle que lle explicase como impartía as clases. A Carlota estrañoulle a petición, tendo en conta que noutra visita anterior xa lle describira o seu método, e, daquela, o inspector, un home de mediana idade, gordete e medio calvo, aprobara a iniciativa. Esta vez, en cambio, deixou que ela rematase a explicación sen dicir nada.

—Esa forma de aprendizaxe non entra dentro do sistema aprobado polo Ministerio —dixo, cando ela rematou de falar.

—É o método que levo durante todo o curso.

—Si, xa. Mire. En vista da proximidade do final de curso, voulle permitir que agora non o cambie. Pero o sistema non pode poñerse de novo en práctica o vindeiro curso.

Carlota sentiu un fastío infinito ante a forma en que se estaba desenvolvendo a conversa. Tivo que escoitar varios minutos a cháchara insulsa do inspector sobre os obxectivos do ensino antes de que el reiterase a advertencia de que o vindeiro curso debía cambiar de sistema.

—Gustárame que vise os esforzos das miñas alumnas na clase e o interese que poñen na aprendizaxe.

O inspector resoprou. Os seus ollos deixaron de mirala e fixéronse nun punto da parede no que estaba debuxado un mapamundi coa forma de dous círculos contiguos.

—Ben. O esforzo ou o interese das súas alumnas é secundario neste caso. Hai queixas contra vostede polo que

Xosé Monteagudo

explica sobre a igualdade entre homes e mulleres e mais sobre as teorías de Darwin.

—Deduzo que vostede non cre na igualdade entre homes e mulleres —dixo Carlota—. Pero estráñame máis que non comparta as teorías científicas de Darwin.

Por momentos parecía que o inspector ía perder a súa compostura. Carlota imaxinou por un instante que se erguería do banco e que comezaría a berrar ou a dar puñadas contra a parede, e case gozou con aquela estratexia de estar alterándoo. Mais o seu anoxo manifestouse unicamente nun ton de voz máis elevado.

—Aquí non importa o que eu crea nin o que crea vostede. Nin sequer importa se o que vostede lles aprende ás súas alumnas é científico. O único que importa é que cumpra vostede co programa.

—Ou sexa...

—Non me interrompa. O que lle quero dicir é que cos seus métodos está causando un grave problema aquí. E non só aquí. Potencialmente, en toda a bisbarra. Decátase de onde podemos chegar se o seu exemplo se estende?

—Non.

—É igual —o ton do inspector virárase un pouco máis alporizado a medida que falaba—. O que estou é dándolle unha orde. Comprende? Antes faleille do vindeiro curso. Agora dígolle que desde hoxe non volverá vostede impartir-lle ás súas alumnas ningunha explicación sobre a igualdade, a orixe do mundo ou as teorías de Darwin, e seguirá estritamente o programa oficial.

Módulo 2.

SOMOS UN CENTRO COEDUCATIVO?

INTRODUCCIÓN

A **igualdade de oportunidades e de responsabilidades** é un dereito de todas as persoas, polo que educar as diferentes xeracións para chegar a acadala, tamén é un deber das e dos docentes deste país. E o camiño vai ser o da coeducación, o único xeito de previr, desde idades moi temperás, as discriminacións derivadas da desigualdade entre mulleres e homes.

O primeiro paso para levalo á práctica é tomar **conciencia**, ademais de ser constante no obxectivo marcado. Mais tampouco son boas as prásas, pois esta é unha semente da que se tarda un chisco en ver os froitos.

Polo tanto, conseguir que o noso centro sexa coeducativo vai ser un labor arduo, na maioría dos casos, pero tremendamente ilusionante e satisfactorio. Esixe **cambios** a nivel de organización, de metodoloxía empregada e de contidos curriculares, pero non debemos esquecer que este traballo suporá un cambio de perspectiva na visión que ten da realidade o noso alumnado e esa é a maneira de construír un mundo máis xusto e igualitario, onde os proxectos de vida das nosas alumnas e alumnos se asentén sobre a liberdade e o respecto.

Resulta necesario, cando se traballa en temas relacionados coa coeducación, ter moi claros os **significados de termos** que imos ter que manexar con frecuencia. Ademais, a maioría das nosas alumnas e alumnos teñen, en ocasións, un concepto equivocado dalgunhas desas palabras polo mal uso que delas se fan, ben sexa nas redes sociais ou en moitos medios de comunicación.

GLOSARIO

- Consultar as páxinas 17-23 da *Guía para unha linguaxe non discriminatoria*, 2006.
https://www.cig.gal/files/documentos/Doc_Muller/Guia_LinguaxeNonDiscriminatoria_2006.pdf

Outros termos

Colectivo LGTBI. Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

Corresponsabilidade. Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia –tradicionalmente asignado aos homes–, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas –tradicionalmente asignados ás mulleres sexan asumidos e compartidos por tódalas persoas da unidade de convivencia.

Feminicidio. Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.

Feminismo. Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgride e loita pola erradicación do sistema social imperante.

O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Identidade sexual. É un xuízo baseado na percepción da propia figura corporal. Está baseada nas diferenzas sexuais máis visibles. Fórmase ao longo dos tres primeiros anos de vida.

Identidade de xénero. É un xuízo de auto clasificación baseado na construción psicolóxica, social e cultural das características masculinas ou femininas habitualmente atribuídas a homes e mulleres.

Patriarcado. Etimoloxicamente, patriarcado procede do grego e significa “goberno dos pais”. O adxectivo patriarcal describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres.

Gerda Lerner (1986) definiuno como “a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos/as da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral”

Sororidade. Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

Transxénero. Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.

APUNTAMENTOS PREVIOS

- ▶ **FORMACIÓN DO PROFESORADO.** Fundamental en calquera acción innovadora o compromiso do profesorado e, en consecuencia, a súa preparación permanente para acometer esta responsabilidade. Vid. Bibliografía
- ▶ **COHESIÓN GRUPAL.** Tratar de crear un grupo de docentes ou outros membros da comunidade educativa coas mesmas inquietudes e preocupacións, para que o proxecto non dependa dunha única persoa e así se vaia implicando profesorado voluntariamente, aínda que só sexa de forma puntual nun primeiro momento. Isto axudará a que a coeducación pouco a pouco se vaia consolidando e se vaia sumando máis xente.

- ▶ **ANALIZAR O CONTEXTO.** Coñecer en profundidade o terreo no que imos traballar para saber cales son as súas necesidades coeducativas.
- ▶ **COÑECER APOIOS EXTERNOS.** Saber se organismos, asociacións, concello...poden colaborar con actividades, ofrecendo apoio e coordinación nun traballo que debe trascender as paredes das aulas.
- ▶ **INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS CON OUTROS CENTROS.** Enriquecedor o intercambio de boas prácticas coeducativas entre os diferentes centros de ensino, o que supón non sóamente o coñecemento doutras accións que nós poderemos trasladar ao noso centro e á inversa, senón tamén unha inxección de enerxía ao saber que non somos unha illa coeducativa e que, polo tanto, aínda que moitas veces invisible, estamos tecendo rede.

ANÁLISE DO NOSO CENTRO

1º Paso...

Esta análise coeducativa do noso centro suporá un paso moi importante para comezar a percorrer o camiño. Permitirá elaborar un diagnóstico, coas fortalezas e debilidades do instituto en materia de igualdade . Outro aspecto positivo é que fará visible a toda a comunidade educativa a necesidade de acometer cambios.




Ilustración de Sonia Marialuce Possentini

Na análise do contexto hai tres niveis :

- ▶ **BÁSICO**
- ▶ **INTERMEDIO**
- ▶ **AVANZADO**



Nivel básico



Nivel intermedio

Documentos oficiais do centro (PXA, PE, PAT, PROGRAMACIÓNS...)

Cal é a linguaxe utilizada?

PE (Proxecto Educativo): aparece a educación en igualdade como obxectivo? Como se concreta?

PAT: existen actividades relacionadas coa igualdade en cada nivel?

Trátanse a educación en emocións, a corresponsabilidade, os estereotipos, a orientación académica e profesional que promove a liberdade de escolla de itinerarios e profesións?

Fanse **talleres** sobre prevención das violencias machistas?

Unidades didácticas específicas nas programacións de aula de cada materia?

Sexo dominante das persoas que participan na oferta de **formación permanente**

ACCIÓNS CONCRETAS

Actividades realizadas, ben por algunha profesora/profesor, de xeito individual, ben por algún grupo, que pode ser dun departamento específico, equipo de biblioteca...

Equipo Directivo: presenza de mulleres e homes no equipo? Uso ou non dunha linguaxe inclusiva? Realízase o esforzo de nomear representante de igualdade no centro?

Apoio a todas as actividades relacionadas coa educación en igualdade? Apoia o diagnóstico do centro con perspectiva feminista?

Presenta os datos desagregados por sexos en resultados académicos e de convivencia? Analiza os itinerarios escollidos por alumnos e alumnas?

Existe unha imaxe coeducativa da **web** do centro: linguaxe, difusión das actividades, sección específica, logo?

Análise dos libros de texto
(linguaxe, **imaxes**,
presenza/ausencia das
mulleres nos distintos
campos)

IMAXES

- Presentan a diversidade afectivo-sexual?
- Presentan unha división sexual do traballo, ofrecendo unha imaxe estereotipada das profesións?
- Presentan a varóns relacionados coa ética do coidado (maiores, tarefas domésticas, fillas e fillos...)?
- Presentan a mulleres vinculadas a temas científicos, tecnolóxicos, deportivos...?
- Presentan a mulleres empoderadas, con iniciativa personal, autoridade social e éxito profesional?
- Presentan imaxes das mulleres ao longo da historia en todos os ámbitos sociais, culturais e políticos?


Nivel avanzado

**Linguaxe
escrita e oral
(docente e
non docente)**

Oral: supón máis dificultade posto que é máis espontánea e iso supón maior posibilidade de erro e menor de corrección.

Analizaríase neste nivel o uso oral nos contextos formais como claustros, avaliacións, CCP, consellos escolares, actos públicos en xeral.

Tamén se recollerían algúns datos das comunicacións orais en contextos informais



DECÁLOGO PARA UNHA ANÁLISE DA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

- ▶ Quen protagoniza a historia? Home ou muller?
- ▶ Importancia e prestixio dos personaxes femininos e masculinos.
- ▶ As tarefas domésticas quen as realiza?
- ▶ As tarefas fóra da casa e os traballos remunerados quen os realiza?
- ▶ Quen protagoniza os feitos relacionados co deporte, ciencia, tecnoloxía, aventura?
- ▶ A valentía, a forza, a toma de decisións, a ambición, o éxito social e profesional compárteno mulleres e homes?
- ▶ O medo, a doenza, as emocións, o coidado dos demais, a sensibilidade... é algo compartido ou exclusivo das mulleres?
- ▶ Nos álbums ilustrados hai diferenzas nas cores empregadas segundo aparezan homes ou mulleres?
- ▶ Os personaxes femininos seguen un modelo de beleza uniforme ou hai variedade de corpos?
- ▶ A finalidade última do personaxe feminino é atopar un home como parella?



Seguimos camiñando... 2º paso

Accións para chegar a ser un centro coeducativo

DE INICIO E
SENSIBILIZACIÓN



DE
PROFUNDIZACIÓN




DE EXCELENCIA

Actuacións de inicio e sensibilización



USO NON SEXISTA DA LINGUAXE





TRABALLAR DATAS CLAVES:

**25 N: DÍA INTERNACIONAL PARA A
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS
MULLERES**

8 M: DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Traballar tamén: Día da Ciencia, Día da Saúde
da Muller, Día da Paz... de xeito que o labor
sexa continuo e integrado no maior número de
materias.





Módulo 3.

PLAN COEDUCATIVO

QUE É UN PLAN COEDUCATIVO?

- ▶ Documento- guía que ten como obxectivo levar a igualdade ao centro dun xeito regular e coordinado para previr as violencias machistas. Polo tanto, este plan inclúe as diferentes accións coeducativas que se queren realizar a curto-medio prazo. Como calquera plan educativo, debe ser revisábel anualmente e, polo tanto, suxeito a posibles modificacións.

Catro eixes de reflexión para desenvolver a coeducación

- ▶ **Identificación de desigualdades**, para coñecer os privilexios e carencias e poder así intervir.
- ▶ **Coeducación e proxectos vitais igualitarios**, onde os suxeitos sexan mulleres e homes libres (traballar a autoestima das alumnas e a igualdade de trato, así como a empatía e asunción de responsabilidades por parte dos alumnos)
- ▶ Romper o silencio sobre a **masculinidade e a violencia**, moi frecuente no ámbito escolar.
- ▶ **Identidades igualitarias diversas**, que sumen novos modelos de diversidade sexual e familiar.



Análise e diagnóstico

As persoas que coeducan son as máis felices e as que máis felices fan ao seu alumnado

M^a José Aguado

- ▶ Vid **Somos un centro coeducativo?** Tres niveis (básico, medio e avanzado).
- ▶ Elaboración de **ENQUISAS** para todos os sectores da comunidade educativa. (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente)
- ▶ As enquisas deben ser breves, con preguntas concisas e que ofrezan datos desagregados por sexos. Vid Exemplo en Anexo I
- ▶ O baleirado destas enquisas ofrecerá información relevante que axudará ao **DIAGNÓSTICO** coeducativo do noso centro de ensino. Este diagnóstico é imprescindible para poder marcar os obxectivos do noso plan.
- ▶ Para facilitar esta tarefa, necesaria, pero laboriosa, recoméndase a realización destas enquisas nunha plataforma telemática, tipo google drive. Isto permitirá facilidade de acceso, rapidez na resposta e garantías de maior número de enquisas cubertas. As realizadas na ESO poden ser cubertas na hora de titoría.



Xustificación

- ▶ Feito o diagnóstico, establécense prioridades en base ás necesidades detectadas nas enquisas, xustificándose así a elaboración deste plan.

A renuncia dos homes aos seus privilexios é o primeiro paso para conseguir a igualdade.

Miguel Lorente

Imaxe: Chema Madoz



Marco lexislativo

Ámbito estatal

- ▶ Constitución (artigos 9.2 e 14)
- ▶ Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro
- ▶ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ▶ Lei 3/2007, do 15 de marzo
- ▶ Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo. Título IV (artigos 23 e 24)

Ámbito autonómico

- ▶ Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1
- ▶ Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- ▶ Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- ▶ Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- ▶ Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa
- ▶ Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres
- ▶ Decreto 86/2015 do 25 de xuño: Currículo educación secundaria e bacharelato
- ▶ Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

Tamén se pode incorporar os Plans de Actuación do CIM do concello correspondente (Concellería de Igualdade e Muller)

***A coeducación é unha
filla moi desexada
do feminismo.***

M^a Elena Simón

Imaxe: Tony Frisell



Obxectivos

Deben ser:


- ▶ Poucos
- ▶ Claros
- ▶ Realizábeis
- ▶ Avaliábeis no seu logro
- ▶ Marcar obxectivos xerais e os correspondentes obxectivos específicos

Indicadores de logro

Partindo dos obxectivos xerais e específicos establecidos, e coa idea de avaliar a súa consecución, débense establecer uns indicadores de logro. Estes marcaranse cun determinado horizonte temporal (de un a catro cursos académicos) e cada ano avaliarase o seu proveito.

***Non quero que o feminismo sexa
unha zona de acceso restrinxido.***

Carlos Negro



Contidos

Infantil

DESIGUALDADES VIVIDAS: percíbese a socialización diferenciada, os modelos familiares e roles sexistas, primeiras agresións masculinas cara ás nenas

- ▶ Aprendizaxe do coidado e a non violencia.
- ▶ Análise crítica dos xoguetes e os espazos de ocio.
- ▶ Traballar con xogos expectativas laborais diversas e inclusivas.
- ▶ Expresión e coñecemento das emocións

Primaria

DESIGUALDADES VIVIDAS: maniféstase a violencia nos conflitos escolares e a falta de autoestima nas nenas

- ▶ Resolución non violenta de conflitos.
- ▶ Formación en habilidades sociais e comunicativas.
- ▶ Valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes coidadores.

Proxectos e accións coeducativas infantil/primaria

- ▶ Día do Xoguete non sexista.
- ▶ Día do Home Coidador.
- ▶ Día da Muller con postos de responsabilidade social (charla con mulleres da contorna que teñan cargos diversos)
- ▶ Día das Familias Diversas.
- ▶ Talleres de pegatinas, marcapáxinas.
- ▶ Club de lectura coas familias e alumnado. **O CONTOCLUB DA IGUALDADE.**
- ▶ **DÁMOSLLE A VOLTA AOS REFRÁNS?** Escoller no refraneiro popular ditos machistas e adaptalos á igualdade. Por exemplo: **Por ben que fale a a muller, calada está mellor** cambialo por **Canto mellor fale a muller, mellor futuro ha ter.**
- ▶ **O xardín dos sentimentos.** Coidar unha planta á que previamente se lle puxo o nome dunha emoción que produce benestar en ti e nas demais persoas.
- ▶ **Baile de máscaras.** Cada clase debe debuxar caretas que representen algunhas destas palabras (EMPATÍA, ALEGRÍA, PAZ, PACIENCIA, AMOR, COOPERACIÓN, COIDARSE, ESCOITAR, COMUNICARME, RESPECTARME, FAMILIAS, IGUALDADE, RESPONSABILIDADE, OPTIMISMO, NEGOCIAR, AUTOESTIMA, COÑECEMENTO, RIR, CANTAR, IMAXINAR, DIVERSIDADE, CARIÑO, CONFIANZA, COMPRENSIÓN, CALMA, COMPARTIR, PARTICIPAR) e logo organizar un baile.

- ▶ **Xincana das tarefas domésticas e dos coidados.** Crear espazos no centro onde o alumnado, por grupos, debe amosar habilidades no dobrado da roupa, cociña, consolar a alguén, curar unha ferida, limpeza do fogar...). Valorarase a aqueles grupos que se axuden entre si, positivarase a solidariedade e o compañeirismo cos outros grupos.
- ▶ Cada logro é unha cor que axudará a **crear un arco da vella**.

Contidos ESO e BAC

DESIGUALDADES VIVIDAS: amor romántico heterosexual, grupo de iguais sexista, homofobia, invisibilidade nos currículos, minusvaloración das aportacións feministas...

Os contidos serán o eixo do noso plan e arredor deles deseñaremos as distintas accións coeducativas. Poden ser moi diversos, dependendo do diagnóstico establecido tras a análise do contexto


Algúns poden ser estes:

- ▶ Educación emocional en igualdade.
- ▶ Uso non sexista da linguaxe, a nivel escrito e oral.
- ▶ As desigualdades por razón de sexo.
- ▶ Os mitos do amor romántico.
- ▶ Diversidade afectivo-sexual.
- ▶ Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.
- ▶ Empoderamento e autoestima feminina.
- ▶ Análise dos estereotipos de xénero, tanto na publicidade, televisión, música, como nos espazos de ocio do centro educativo e fóra del.
- ▶ Uso e reparto dos espazos do centro.

Proxectos e acción coeducativas ESO e BAC

Decálogo de posíbeis accións coeducativas:

- ▶ **COEDUCACIÓN EN EMOCIÓN** (con actividades incluídas no PAT e traballando temas como a expresión e xestión das emocións, a ética do coidado, a corresponsabilidade...)
- ▶ **ESPAZO DE IGUALDADE (BIBLIOTECA).** Visibilizar as adquisicións bibliográficas relacionadas coa coeducación.
- ▶ **TABOLEIRO DE COEDUCACIÓN.** Nun lugar visible do centro e remudado cada pouco tempo.
- ▶ **17 MAIO (DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA E A TRANSFOBIA).** Traballar a diversidade afectivo-sexual.



- ▶ **14 DE FEBREIRO. EXPULSAMOS A CUPIDO?** (traballar os mitos do amor romántico)
- ▶ **ESTABLECER UNS CRITERIOS COEDUCATIVOS NA SELECCIÓN DOS LIBROS DE TEXTO .**
- ▶ **DESEÑO DUNHA AXENDA COEDUCATIVA**
- ▶ **DÍA DA POESÍA** (21 DE MARZO) . Organizar un recital LETRAS DI(VERSAS), onde os textos sexan todos de escritoras.
- ▶ **DESCUBRINVENTORAS.** Con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro) e, en colaboración coa Biblioteca, organizar un concurso que permita descubrir a mulleres inventoras, invisibilizadas ao longo da historia.
- ▶ **CONSTITUÍR UNHA COMISIÓN DE COEDUCACIÓN NO CENTRO QUE COORDINE TODAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS E PROPOÑER UNHA COMISIÓN INTERCENTROS NA ZONA** (é un xeito de compartir experiencias, intercambiar materiais ...). Esta comisión despois pode ampliarse e contar con representantes de toda a comunidade educativa.

Foto: Chema Madoz .

Verso: Dore Tembrás, *O pouso do fume*.

Criterios coeducativos na selección dos libros de texto

- ▶ Uso dunha linguaxe inclusiva non sexista.
- ▶ Uso de imaxes non estereotipadas, referidas a profesións, relacións, etc...
- ▶ Presenza de varóns se se tratan temas relacionados co coidado .
- ▶ Presenza de mulleres cando se tratan temas actuais relacionados coa ciencia, a tecnoloxía, o deporte, o emprendemento e éxito profesional.
- ▶ Aportación de mulleres e homes ao longo da historia en todos os ámbitos culturais, sociais ou políticos, resaltando que a aportación das mulleres foi, tradicionalmente, invisibilizada.

Recursos

- ▶ HUMANOS (apoio e implicación do equipo directivo, horas dispoñíbeis, formación, número de persoas implicadas, axudas externas...)
- ▶ MATERIAIS (presuposto con que se conta, recursos do centro que se poden utilizar como aulas de informática, material funxíbel...)

As mulleres non queren poder sobre os homes, senón sobre elas mesmas.

Mary Wolltonescraf
Imaxe: Jerri Lofaro



Metodoloxía

Plan organizativo

- ▶ Persoa coordinadora
- ▶ Función de cada integrante do grupo que vai elaborar o plan coeducativo.
- ▶ Periodicidade das reunións
- ▶ Temas a tratar en cada xuntanza
- ▶ Prioridades
- ▶ Charlas formativas, no caso de telas.




Temporalización

- ▶ Planificar os tempos para a realización do plan coeducativo.
- ▶ Recoméndase por trimestre para poder ir modificando se é preciso.
- ▶ A análise e diagnóstico do centro pode levar ben un trimestre, aínda que vai depender moito das características de cada centro.

Todo o que se pode arponder, pódese ensinas.

Nélida Zaitegi
Imaxe: Ricardo Solís



***As humanas non
acadaron aínda os
dereitos humanos.***

María Xosé Queizán

Imaxe: Karoline Kroiss

Avaliación

Imprescindíbel para corrixir, modificar e/ou mellorar. Vai detectar fortalezas e carencias.

COMO AVALÍO O PLAN?

- ▶ Observación.
- ▶ Valoración das actividades que se realicen por parte dos distintos departamentos didácticos.
- ▶ Enquisas final curso (profesorado, familias, alumnado Vid Anexo II). Lembrar que os datos recollidos deben ir segregados por sexo.

Glosario Anexos

- ▶ Incluir un Glosario final con termos relacionados coa Coeducación. Aclaran significados e son moi útiles para a vida cotiá nas aulas. Vid Somos un centro coeducativo?
- ▶ Incluir Anexos utilizados na realización do noso Plan Coeducativo (modelos de enquisas iniciais para o diagnóstico, modelo de enquisas para a avaliación final, bibliografía...).

ANEXO I. Sondaxe inicial alumnado

ENQUISA ALUMNADO ESO

MOZA / MOZO

- ▶ *Que é o mellor de ser moza?* (contestar moza)
- ▶ *Que é o mellor de ser moza?* (contestar mozo)

- ▶ *E o peor?* (contestar moza)
- ▶ *E o peor?* (contestar mozo)

- ▶ *Que é o mellor de ser mozo?* (contestar moza)
- ▶ *Que é o mellor de ser mozo?* (contestar mozo)

- ▶ *E o peor?* (contestar moza)
- ▶ *E o peor?* (contestar mozo)

- ▶ *Na túa casa, quen fai un maior número de tarefas domésticas?*

- ▶ *Os celos son unha mostra de amor?* SI NON (contestar moza)
- ▶ *Os celos son unha mostra de amor?* SI NON (contestar mozo)

- ▶ *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico?*
Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar moza)
☐ SI ☐ NON
- ▶ *Estarías de acordo en usar o feminino como xenérico?*
Exemplo: todas ao recreo (para alumnos e alumnas) (contestar mozo)
☐ SI ☐ NON

- ▶ *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres?* (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar moza)
☐ SI ☐ NON
- ▶ *Cres que se debería utilizar unha linguaxe que englobase a homes e mulleres?* (alumnado, profesoras e profesores...) (contestar mozo)
☐ SI ☐ NON

- ▶ *Usa o profesorado unha linguaxe non sexista?* (contestar moza)
☐ SI ☐ NON ☐ ÁS VECES

- ▶ Usa o profesorado unha linguaxe non sexista? (contestar mozo)
☐ SI ☐ NON ☐ ÁS VECES
- ▶ *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas?* Pon un exemplo (contestar moza)
- ▶ *Cres que hai xoguetes de nenos e xoguetes de nenas?.* Pon un exemplo (contestar mozo)
- ▶ *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes?* Pon un exemplo (contestar moza)
- ▶ *Cres que hai deportes de mulleres e deportes de homes?* Pon un exemplo (contestar mozo)
- ▶ *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller?* (contestar moza)
- ▶ *Indica unha profesión que consideres propia de home e outra de muller?* (contestar mozo)
- ▶ *Como definirías o feminismo?* (contestar moza)
 - ☐ O contrario do machismo
 - ☐ Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres
- ▶ *Como definirías o feminismo?* (contestar mozo)
 - ☐ O contrario do machismo
 - ☐ Movemento que defende a igualdade entre homes e mulleres
- ▶ *Es feminista? Por que?* (contestar moza)
- ▶ *Es feminista? Por que?* (contestar mozo)
- ▶ *"Os homes gañan un 19,3% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo".*
Verdadeiro ou falso? (contestar moza)
- ▶ *"Os homes gañan un 19,3% máis que as mulleres por realizar o mesmo traballo".*
Verdadeiro ou falso? (contestar mozo)
- ▶ *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE* (contestar moza)
- ▶ *A quen atribuirías as seguintes palabras: home, muller ou ambos? TENRURA, SEGURIDADE, BELEZA, VALENTÍA, AGRESIVIDADE, FRAXILIDADE* (contestar mozo)
- ▶ *Estás de acordo coa frase "Os homes non choran"?*
☐ SI ☐ NON
Por que? (contestar moza)

- ▶ Estás de acordo coa frase “Os homes non choran”?
- ☐ SI ☐ NON
- Por que? (contestar mozo)
- ▶ *Que opinión che merecen os piropos por parte dalguén que non coñeces?* (contestar moza)
- Agrádanme
 - Desagrádanme
 - Resúltanme indiferentes
- ▶ *Que opinión che merecen os piropos por parte dalguén que non coñeces?* (contestar mozo)
- Agrádanme
 - Desagrádanme
 - Resúltanme indiferentes
- ▶ *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos?* (contestar moza)
- ☐ SI ☐ NON ☐ ÁS VECES ☐ SEMPRE
- ▶ *Incide o profesorado na visibilización do traballo das mulleres nos distintos ámbitos?* (contestar mozo)
- ☐ SI ☐ NON ☐ ÁS VECES ☐ SEMPRE
- ▶ *Se es moza. Gustaríache que a zona central do patio fose tamén ocupado por alumnas?*
- ☐ SI ☐ NON ☐ DÁME IGUAL
- ▶ *Se es mozo. Gustaríache que a zona central do patio fose tamén ocupado por alumnas?*
- ☐ SI ☐ NON ☐ DÁME IGUAL
- ▶ *Consideras que é violencia machista? SI ou NON* (contestar moza)
- ☐ Cuestionar a valía e capacidade da parella
 - ☐ Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
 - ☐ Dar golpes a obxectos cando se enfada
 - ☐ Pedir o móbil para saber con quen se comunica
 - ☐ Insultar
 - ☐ Pegar
 - ☐ Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
 - ☐ Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...

- ▶ Consideras que é violencia machista? SI ou NON (contestar mozo)
 - ☐ Cuestionar a valía e capacidade da parella
 - ☐ Enfadarse se non lle gusta como vai vestida ela
 - ☐ Dar golpes a obxectos cando se enfada
 - ☐ Pedir o móbil para saber con quen se comunica
 - ☐ Insultar
 - ☐ Pegar
 - ☐ Deixar algunha afección porque el o pide, como un sinal de amor
 - ☐ Instalar unha aplicación no móbil da parella para saber onde está en cada momento...
- ▶ *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar moza)
- ▶ *Algunha vez sufriches ou observaches un exemplo de discriminación. Queres dicir cal?* (contestar mozo)
- ▶ *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar moza)
 - ☐ SI ☐ NON
- ▶ *Coñeces casos onde a orientación sexual sexa obxecto de burla e/ou insulto?* (contestar mozo)
 - ☐ SI ☐ NON
- ▶ *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar moza)
 - ☐ Intervirías
 - ☐ Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
 - ☐ Non faría nada porque non é o meu problema
- ▶ *Que farías no caso de presenciar algún tipo de discriminación?* (contestar mozo)
 - ☐ Intervirías
 - ☐ Buscarías axuda (profesorado, alumnado mediador...)
 - ☐ Non faría nada porque non é o meu problema

ANEXO II. Enquisa final alumnado

- ▶ *Valoración das actividades relacionadas coa Igualdade que realizaches ou ás que asistiches (1 ao 5):* SE ES MOZA
- ▶ *Valoración das actividades relacionadas coa Igualdade que realizaches ou ás que asistiches (1 ao 5):* SE ES MOZO
- ▶ *Consideras que os celos son unha mostra de amor?* ☐ SI ☐ NON (MOZA)
- ▶ *Consideras que os celos son unha mostra de amor?* ☐ SI ☐ NON (MOZO)
- ▶ *Usas máis agora unha linguaxe non sexista?* ☐ SI ☐ NON (MOZA)
- ▶ *Usas máis agora unha linguaxe non sexista?* ☐ SI ☐ NON (MOZO)
- ▶ *Es feminista?* ☐ SI ☐ NON (MOZA)
- ▶ *Es feminista?* ☐ SI ☐ NON (MOZO)
- ▶ *Consideras violencia machista que unha persoa descoñecida diga algo sobre o teu corpo?* ☐ SI ☐ NON (MOZA)
- ▶ *Consideras violencia machista que unha persoa descoñecida diga algo sobre o teu corpo?* ☐ SI ☐ NON (MOZO)
- ▶ *Consideras violencia machista deixar unha afección porque el cho pide?* ☐ SI ☐ NON (MOZA)
- ▶ *Consideras violencia machista deixar unha afección porque el cho pide?* ☐ SI ☐ NON (MOZO)

Indicadores que se poden utilizar para o diagnóstico coeducativo do centro

INDICADORES	NIVEL 1	NIVEL 2	NIVEL 3	NIVEL 4
Persoa responsable de igualdade	Non hai	A persoa está nomeada, pero non xestiona nin coordina	A persoa está nomeada e xestiona a coeducación.	A persoa está nomeada e coordina a coeducación.
Nivel de formación	Non hai formación	A persoa responsable recibiu formación	Existe un grupo de traballo en coeducación.	Houbo ou existe formación no centro nesta materia.
Nivel de intervención co alumnado	Non hai	Só se traballan as efemérides	Accións titoriais individuais e unidades didácticas concretas nalgúns materias.	Transversalidade no currículo
Linguaxe inclusiva	Non se usa	Letreiros, carteis...	Uso dependente do profesorado	Uso xeral
Visibilidade das mulleres	Invisibilización das mulleres	Visibilización só en datas concretas	Visibilización dependendo do profesorado	Visibilización transversal
Roles de xénero	Roles moi marcados ne todos os niveis	A nenas copian os modelos dominantes de masculinidade Os nenos refórzano, sen modificalo	Grupo de nenas e nenos que modificaron roles	Nenas e nenos amosan modelos de masculinidade e feminidade igualitarios.
Equipos directivos	Reacio á igualdade	Non se implica	Apoio	Apoio e implicación
Diversidade sexual	Non se traballa nin se visibiliza o colectivo LGTBI	Só se visibiliza nas efemérides e se imparte algún taller ao longo do curso	Visibilízase por parte dalgún profesorado e hai algunhas persoas LGTBI visíbeis no centro	Transversalidade no currículo. Alumnado e profesorado formado no tema, que se vive con naturalidade no centro.
Identidades de xénero	Non se teñen en conta nin se visibilizan	Visibilízase nalgún momento concreto a persoas trans	Visibilidade dependendo do profesorado	Transversalidade no currículo. Centro inclusivo, onde as distintas identidades de xénero conviven en igualdade.

FONTE: *Escuelas libres de violencia machista* (cap. "Estrategias para una escuela libre de machismo") de Kika Fume-ro, Marian Moreno LLaneza e Carmen Ruíz Repullo).

Avaliación recomendada

DESEÑA UNHA ACTIVIDADE COEDUCATIVA RELACIONADA COA TÚA MATERIA:

Descrición da actividade, indicando:

- ▶ Nivel
- ▶ Obxectivos
- ▶ Contidos
- ▶ Metodoloxía
- ▶ Recursos
- ▶ Avaliación



